

DOMINGO 32 ORDINARIO CICLO B

PRIMEIRA 1 Re 17, 10-16:

A viúva fixo un pequeno pan coa pouca fariña que tiña e deullo a Elías

PROCALAMCIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO PRIMEIRO DOS REIS

Foi o profeta Elías a Sarepta e, ao entrar pola porta da cidade, viu alí unha muller viúva, que estaba xuntando guizos. Elías chamou por ela e díxolle:

- "Fai o favor e vaime por unha pouca auga na xerra para beber".

Mentres ía ela collerlla, Elías chamouna e díxolle:

- "Tráeme tamén, se podes, na túa man un anaco de pan".

Ela díxolle:

- "Pola vida do Señor, teu Deus, que non teño pan ningún. Quédame só na tina unha presa de fariña e unha pinga de aceite na aceiteira. Ves que estou apañando guizos. Irei preparalo para min e para o meu fillo. Comerémolo e despois teremos que morrer".

Díxolle Elías o texbita:

- "Non teñas medo. Anda e fai como dixeches. Pero primeiro prepara un panciño con iso e tráemo a min. Despois xa prepararás para ti e para teu fillo. Pois isto di o Señor, Deus de Israel: a tina de fariña non se acabará e a aceiteira do aceite non mermará, ata o día en que o Señor mande a chuvia á terra".

Foi ela facer o que Elías lle dixerá. E comeu el, ela e seu fillo, moito tempo, sen que se acabase a fariña da tina nin mermara o aceite na aceiteira, como dixerá o Señor por medio de Elías.

SALMO RESPONSORIAL Sal 145, 7. 8-9a. 9bc-10

R/ (1): Louva ao Señor, alma miña

Ou: Aleluia

El garda por sempre a súa fidelidade:

failles xustiza aos oprimidos

e dálles pan aos famentos.

O Señor libra os cativos,

o Señor abre os ollos dos cegos,

o Señor endereita os dobrados,

o Señor ama os xustos.

O Señor protexe os forasteiros,

sostén os orfos e as viúvas,

extravía os camiños dos malvados.

Reine o Señor por sempre,

o teu Deus, Sión, polas xeracións.

Aleluia.

SEGUNDA Heb 9, 24-28:

Cristo sacrificouse dunha vez por todas para quitar os pecados de moitos

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA AOS HEBREOS

O Mesías non entrou nun santuario de feitío humano, copia do verdadeiro, senón que entrou no ceo, para poder presentarse agora diante do mesmo Deus a favor noso; e non para repetir moitas veces o seu propio sacrificio, como fai o Sumo Sacerdote, que entra cada ano no santuario levando sangue alleo, porque, se así for, debería ter sufrido moitas veces desde a creación do mundo; pero a verdade é que agora dunha vez para sempre, no derradeiro dos períodos da historia, co sacrificio de si mesmo, quedou a disposición de todos para acabar co pecado.

O mesmo que o destino de todo home é morrer unha vez só e, despois xa da morte, vén o xuízo, así tamén Cristo, unha vez que se ofrendou para quitar os pecados, volverá a aparecerlles por segunda vez, xa sen ter que ver co pecado, para salvar os que o están agardando con ansia.

DOMINGO 32 ORDINARIO CICLO B

EVANXEO Mc 12, 38-44 (longa)

Esta pobre viúva deu máis ca todos

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Dille Xesús á xente ensinando:

- ¡Coidado cos letrados! Gustan moito de se pasearen con vestidos fachendosos, e que lles fagan reverencias polas rúas; buscan os primeiros postos nas sinagogas e máis nos banquetes. E acábanlles cos bens ás viúvas, facéndose os piadosos. Pero serán xulgados como lles cómpre.

Sentado fronte por fronte da sala do tesouro, ollaba para a xente que botaba cartos no peto. E moitos ricos botaban con fartura. E nisto viu unha viúva pobriña botar uns céntimos nada máis, unha miseria coma quen di. Entón chamou aos seus discípulos, é díxolles:

- Asegúrovos que esa pobre viúva botou máis que os ricos todos. Pois eles botaron o que lles sobraba, pero ela na súa pobreza, botou do que tiña para vivir.

DOMINGO 32 ORDINARIO CICLO B

EVANXEO Mc 12, 41-44 (breve)

Esta pobre viúva deu máis ca todos

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela, Xesús, sentado fronte por fronte da sala do tesouro, ollaba para a xente que botaba cartos no peto. E moitos ricos botaban con fartura. E nisto viu unha viúva pobriña botar uns céntimos nada máis, unha miseria coma quen di. Entón chamou aos seus discípulos, é díxolles:

- Asegúrovos que esa pobre viúva botou máis que os ricos todos. Pois eles botaron o que lles sobraba, pero ela na súa pobreza, botou do que tiña para vivir.